



PREGUNTA ORAL SOBRE AS AUTORIZACIÓNS DE CONEXIÓN Á REDE DE ILUMINACIÓN MUNICIPAL PARA ACTOS EN ESPAZOS PÚBLICOS

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Da análise de distintos decretos nos que se resolven solicitudes de conexión eléctrica á rede de distribución municipal de colectivos e entidades para a celebración de actos en espazos públicos chama a atención os resultados dispares que supoñen nuns casos a concesión sen limitacións e noutros a denegación sen paliativos.

Nuns casos, a denegación vai acompañada dun informe de técnico municipal de marzo de 2014 que fundamenta a resolución indicando, entre outras cuestións, que “*as empresas subministradoras son as únicas que poden autoriza-lo conexionado das instalacións ás redes de enerxía*” e que das redes de iluminación pública e dos seus accesorios (centros de mando, caixas de derivación, etc) “*non se pode nin se debe dar ningún tipo de servizo de enerxía a instalación ningunha*”, polo que o informe sinala que o Concello “*non debe autoriza-lo enganche ás instalacións do alumado público municipal de ningún tipo de receptor ou instalación que non pertenza ao dito alumado*”.

Noutros casos, a autorización omite o referido informe técnico municipal e amparándose na competencia do concelleiro responsable para resolver concédese a posibilidade de conexión eléctrica á rede municipal sen especificar ningún impedimento a este respecto.

Á vista deste diferente tratamento á hora de analizar e resolver as solicitudes de enganche á rede de distribución para a iluminación pública municipal, fórmulase a seguinte pregunta:

Cantas resolucións de solicitudes de conexión á rede eléctrica municipal se teñen tramitado nos últimos tres anos, cantas foron autorizadas e cantas denegadas e que motivos xustificaron o seu diferente resultado?

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2018

Teresa Gutiérrez López
Concelleira do Grupo Popular